

CÓDIGO DE BO GOBERNO

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ÍNDICE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS	3
Artigo 1. Natureza xurídica	3
Artigo 2. Obxecto	3
Artigo 3. Ámbito subxectivo	3
Artigo 4. Principios reitores	3
CAPÍTULO II. GOBERNANZA E ORGANIZACIÓN	4
Artigo 5. Asemblea Xeral	4
Artigo 6. Presidencia	4
Artigo 7. Comisión Delegada	4
Artigo 8. Xunta Directiva	5
CAPÍTULO III. TRANSPARENCIA E CONTROL	5
Artigo 9. Publicidade activa	5
Artigo 10. Acceso á información	5
Artigo 11. Control económico	6
CAPÍTULO IV. XESTIÓN RESPONSABLE	6
Artigo 12. Planificación estratéxica	6
Artigo 13. Responsabilidade social	6
CAPÍTULO V. CONFLITOS DE INTERESE	6
Artigo 14. Declaración	6
Artigo 15. Abstención	6
CAPÍTULO VI. ÉTICA E IGUALDADE	7
Artigo 16. Código de conduta	7
Artigo 17. Igualdade efectiva	7
CAPÍTULO VII. LIMITACIÓN DE MANDATOS	7
Artigo 18. Mandato presidencial	7

CÓDIGO DE BO GOBERNO DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

PREÁMBULO

A Federación Galega de Balonmán (en diante, FGBm), entidade privada sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, exerce funcións públicas de carácter administrativo por delegación da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na normativa que a desenvolve.

No exercicio destas funcións públicas delegadas, e na súa condición de axente colaborador da Administración deportiva galega, a FGBM debe garantir que a súa organización e funcionamento se desenvolvan baixo criterios de transparencia, responsabilidade, control democrático e eficiencia na xestión dos recursos, especialmente cando estes teñan natureza pública.

As modificacións normativas introducidas pola Lei 3/2025, do 15 de decembro, reforzan a necesidade de que as federacións deportivas galegas contén con instrumentos formais de bo goberno que regulen os estándares de conduta, prevención de conflitos de interese, rendición de contas e publicidade activa.

O presente Código de Bo Goberno configúrase como un instrumento regulamentario interno, complementario dos Estatutos da FGBm, que ten por finalidade establecer un marco estable de gobernanza baseado nos principios de legalidade, integridade institucional, participación democrática, igualdade efectiva entre mulleres e homes, sustentabilidade e responsabilidade social.

A súa aprobación responde á vontade da Federación de consolidar unha cultura organizativa orientada á excelencia na xestión deportiva e administrativa, á prevención de riscos reputacionais e xurídicos, e ao fortalecemento da confianza das entidades deportivas, deportistas, técnicos/as, árbitros/as e demais colectivos integrados na FGBm.

En consecuencia, este Código establece os principios, normas e mecanismos de control que deben rexer a actuación dos órganos de goberno e representación da Federación, garantindo unha actuación coherente cos seus fins estatutarios e co interese xeral do deporte galego.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Natureza xurídica

1. O presente Código ten natureza regulamentaria interna.
2. As súas disposicións son vinculantes para todos os órganos de goberno, representación e xestión da FGBm.

Artigo 2. Obxecto

Establecer os principios, criterios e normas de actuación que garantan unha gobernanza eficaz, democrática e transparente.

Artigo 3. Ámbito subxectivo

Será de aplicación á Asemblea Xeral, Presidencia, Comisión Delegada, Xunta Directiva, órganos complementarios, persoal directivo e persoas que actúen en nome da Federación.

Artigo 4. Principios reitores

A actuación federativa rexerase polos seguintes principios:

- a) Legalidade e sometemento pleno á normativa vixente.
- b) Democracia interna e participación equilibrada.
- c) Transparencia activa e acceso á información.

- d) Eficiencia na xestión dos recursos públicos e privados.
- e) Igualdade efectiva e non discriminación.
- f) Prevención de conflitos de interese.
- g) Integridade e ética institucional.

CAPÍTULO II. GOBERNANZA E ORGANIZACIÓN

Artigo 5. Asemblea Xeral

1. A Asemblea Xeral exercerá as competencias previstas nos Estatutos con suxeición aos principios de publicidade e rendición de contas.
2. Garantirase a difusión previa da documentación necesaria para a toma de decisións.

Artigo 6. Presidencia

1. A Presidencia exercerá a representación legal da Federación.
2. Deberá actuar con independencia, imparcialidade e respecto aos acordos adoptados polos órganos colexiados.
3. A súa actuación estará sometida ao control da Asemblea Xeral.

Artigo 7. Comisión Delegada

1. Desenvolverá funcións de seguimento e control da xestión deportiva e económica.

2. Emitirá informe previo en materia orzamentaria e modificacións regulamentarias.

Artigo 8. Xunta Directiva

1. Actuará como órgano colexiado de xestión.
2. Os seus membros deberán actuar con dilixencia debida e responsabilidade fiduciaria.

CAPÍTULO III. TRANSPARENCIA E CONTROL

Artigo 9. Publicidade activa

Publicarase na páxina web oficial:

- Estatutos e regulamentos.
- Código de Bo Goberno.
- Orzamentos e contas anuais.
- Calendarios oficiais.
- Acordos da Asemblea Xeral.

Artigo 10. Acceso á información

Os membros federativos terán dereito a solicitar información nos termos previstos na normativa de transparencia.

Artigo 11. Control económico

1. Estableceranse mecanismos internos de control financeiro.
2. Promoverase, cando proceda, auditoría externa.
3. Garantirase a separación de funcións na xestión económica.

CAPÍTULO IV. XESTIÓN RESPONSABLE

Artigo 12. Planificación estratéxica

A Federación elaborará plans de actuación deportiva e económica con avaliación periódica de resultados.

Artigo 13. Responsabilidade social

Promoveranse políticas de sustentabilidade, deporte base e formación técnica.

CAPÍTULO V. CONFLITOS DE INTERESE

Artigo 14. Declaración

Os cargos federativos deberán declarar calquera interese persoal ou profesional que poida interferir no exercicio das súas funcións.

Artigo 15. Abstención

En caso de conflito, o cargo afectado deberá absterse de participar na deliberación ou votación correspondente.

CAPÍTULO VI. ÉTICA E IGUALDADE

Artigo 16. Código de conduta

Os membros dos órganos federativos actuarán con lealdade institucional, respecto e exemplaridade.

Artigo 17. Igualdade efectiva

Promoverase a igualdade de xénero na composición dos órganos e nas políticas deportivas.

CAPÍTULO VII. LIMITACIÓN DE MANDATOS

Artigo 18. Mandato presidencial

A duración e limitación de mandatos rexerase polo disposto nos Estatutos e normativa autonómica aplicable.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. Mandatos en curso

A limitación de mandatos aplicárase sen carácter retroactivo.

Segunda. Adaptación normativa

A FGBM disporá dun prazo máximo de seis meses para adaptar os seus procedementos internos.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Código entrará en vigor tras a súa aprobación pola Asemblea Xeral e publicación na páxina web oficial.

